

VERÁN XOVE 2025

PROCEDEMENTO DE INSCRICIÓN

NON SE ENVÍAN CORREOS COMUNICANDO O ESTADO DA PRAZA. Cada usuario/a é responsable consultar o estado da mesma dentro dos prazos establecidos consultando a través do menú de NENOS/AS da Área Privada, e en cada neno/a consultar o ESTADO DA SOLICITUDE.

Para o caso de menores con necesidades especiais a adxudicación da praza dependerá da dispoñibilidade de persoal necesario adaptado ás súas singularidades.

1. REXISTRO DE SOLICITANTES, SOLICITUDE TELEMÁTICA DE PARTICIPANTES E PRIMEIRA ADXUDICACIÓN DE PRAZAS.

a) Rexistro de solicitantes e solicitude telemática de participantes.

Prazo: ata o 9 de maio (*todo o día)

Solicitantes: Serán solicitantes das actividades ofertadas nos Campamentos Urbanos do Concello de Vigo, o/a pai/nai/titor/titora. Cada solicitante pode incorporar na mesma solicitude un/unha ou máis fillos/as ou titorados/as.

Rexistro de solicitantes. As prazas para a participación no programa serán outorgadas por sorteo. Para poder realizar as solicitudes de prazas nos Campamentos urbanos do Concello de Vigo presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do correspondente formulario para darse de alta como solicitante, inscribir ás/ós menores e solicitar as actividades, na Área Privada da web campamentos.xuventudevigo.org.

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario correspondente publicado na web campamentos.xuventudevigo.org.

Unha vez realizada a alta, asignarase o número de solicitude que permitirá identificar á persoa solicitante e que será empregado no momento do sorteo. Este número aparecerá na pantalla do terminal ao finalizar o proceso de rexistro, na súa Área Privada e, ademais, seralle remitido ao correo electrónico (no caso de telo aportado).

Só poderá haber un/unha pai/nai/titor/titora solicitante por rapaz/rapaza, sendo excluídos do proceso no caso de que haxa máis dunha solicitude para un mesmo rapaz ou rapaza. Cada solicitante só poderá inscribir ás persoas menores que convivan no domicilio en situación de acollemento familiar, equiparándose a súa situación á de persoas irmáns.

Idades: serán participantes nos Campamentos Urbanos do Concello de Vigo os rapaces e as rapazas de Vigo que cumpran os requisitos de idade de cada campamento. Cada participante só poderá participar nun campamento.

Solicitudade telemática. Na Área Privada da web, cada solicitante pode introducir os datos de un/unha ou máis participantes para os/as que se solicita praza, indicando as preferencias de actividades e quendas. Estes datos poderanse modificar ata o momento no que se peche o proceso de “Rexistro de solicitantes e solicitudade telemática”, sendo válida unicamente a última modificación efectuada.

Anularáanse as solicitudes con datos incorrectos ou incompletos, así como aquelas que no momento da formalización da inscrición da praza non concorde co reflectido na solicitudade.

Solicitudade múltiple. Unha mesma persoa poderá solicitar praza para máis de un/unha fillo/a ou titorado/a, coas mesmas ou distintas preferencias, sendo cada solicitudade tratada unha a continuación da outra no proceso de adxudicación.

As institucións que realicen acollemento residencial de menores en situación de tutela ou garda administrativa asimílaranse como caso de solicitudade múltiple.

Actividades e quendas escollidas: un máximo de 3, por orde de preferencia.

Seguimento da solicitudade. Deberase visualizar o estado da solicitudade de cada participante na área privada. Os estados posibles son: “SOLICITUDE REALIZADA” (agardando adxudicación de praza ou sen praza logo dunha adxudicación), “PENDENTE DE FORMALIZACIÓN” (unha vez adxudicada pero sen pechar o proceso de formalización da praza); “PRAZA FORMALIZADA” (unha vez adxudicada e formalizada a praza) ou “BAIXA” (por ter sido excluído, por renunciar, por non ter formalizado a praza ou por non ter atendido á corrección de erros).

b) Primeira adxudicación de prazas.

Listado definitivo de solicitudes. Con antelación ao acto do sorteo publicarase o listado definitivo de solicitudes na páxina web de campamentos.xuventudevigo.org indicando número de solicitudade e preferencias escollidas. Deste listado quedarán excluídas as solicitudes con datos incorrectos ou incompletos, así como nas que se detecte que dúas persoas solicitantes inclúen ao mesmo rapaz ou rapaza en distintas solicitudes. O soporte dixital deste listado definitivo será o empregado no proceso de adxudicación.

Método de adxudicación de prazas: por sorteo entre todos os números de solicitudade admitidos.

Acto do sorteo: será o día **13 de maio**. Neste sorteo determinarase unicamente o primeiro número de inicio do proceso. Na sesión estará presente un/unha funcionario/a municipal que dará fe do resultado do mesmo.

Proceso de adxudicación: unha vez rematado o acto de sorteo, a Concellería de Xuventude iniciará a adxudicación de participantes a actividades e quendas. A partir do número de solicitudade resultante do sorteo, seguindo a orde do “Listado definitivo de solicitudes” ata o final do mesmo, e proseguindo dende o primeiro número do listado ata chegar ao número de solicitudade previo ao sorteado, procederase do seguinte xeito para cada caso:

a) **Primeira opción:** comprobarase se hai praza e, de habela, adxudicaráselle; de non habela, pasarase á segunda opción.

b) **Segunda opción:** comprobarase se hai praza e, de habela, adxudicaráselle; de non habela, pasarase á terceira e última opción.

c) **Terceira opción:** comprobarase se hai praza e, de habela, adxudicaráselle; no caso de non habela, o/a participante queda sen praza neste primeiro proceso de adxudicación, optando automaticamente ás prazas dispoñibles na segunda adxudicación.

Nos casos de solicitude múltiple, aplicaráselle o procedemento descrito a cada unha das persoas participantes asociados á mesma.

Ao concluir o proceso de adxudicación quedarán adxudicadas as prazas dos campamentos e será responsabilidade da persoa solicitante consultar o ESTADO DA SOLICITUDE de cada neno/a na súa Área Privada para proceder coa formalización da praza.

As solicitudes sen praza en ningunha das opcións seleccionadas optarán automaticamente ás prazas dispoñibles na segunda adxudicación.

2. FORMALIZACIÓN DA INSCRICIÓN, ADXUDICACIÓN DEFINITIVA, CORRECCIÓN DE ERROS NA DOCUMENTACIÓN E EXCLUSIÓN DE SOLICITUDES.

a) Formalización da inscrición da praza para solicitudes admitidas.

Prazo: do 13 ao 27 de maio

Telematicamente: a través da área privada da web. Non se admitirá documentación por correo electrónico.

Documentación a presentar:

- Fotocopia do libro de familia, no caso de non ter DNI o/a menor.
- O pago dos campamentos só se poderá realizar de maneira electrónica.

b) Adxudicación definitiva e corrección de erros na documentación.

Se no proceso de comprobación se detecta a ausencia dalgún documento ou algún outro erro, requiriráselle ao solicitante para que repare os erros advertidos de acordo co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para que no prazo de 10 días (contados a partir da recepción da notificación vía correo ordinario ou correo electrónico), emende a falta ou achegue os documentos requiridos, e informaráselle de que, no caso de non facelo, entenderase que desistiu da súa petición e archivarase o expediente nos termos previstos na citada lei.

Unha vez comprobada toda a documentación, coa correspondente corrección de erros se fose o caso, a praza quedará asignada definitivamente. Na Área Privada da web o estado da persoa participante pasará a ser "PRAZA FORMALIZADA".

c) Exclusión de solicitudes.

Son motivos de exclusión automática do procedemento de adxudicación definitivo de prazas:

- Renunciar á praza adxudicada a través da Área Privada da web.
- Non ter realizado o correspondente pagamento, se a actividade así o require. Este pagamento non terá devolución no caso de renuncia posterior, agás causa grave e debidamente acreditada co correspondente xustificante médico (enfermidade, accidente...)

- Non presentar toda a documentación requirida ou non corrixir os erros no prazo sinalado.
- Falsear datos no formulario de rexistro.

Na Área Privada da web o estado da persoa participante pasará a ser “BAIXA”.

3. SEGUNDA ADXUDICACIÓN, FORMALIZACIÓN DA INSCRICIÓN PARA PRAZAS VACANTES, ADXUDICACIÓN DEFINITIVA E EXCLUSIÓN DE SOLICITUDES.

3.a) Segunda adxudicación de prazas.

Vacantes por campamentos (30 de maio). Unha vez completado o proceso da primeira adxudicación, publicaranse na web as prazas vacantes por campamentos e posibilitarase (é opcional para quen o desexe) cambiar os campamentos elixidos ata o **1 de xuño (*todo o día)**.

Método de adxudicación de prazas: O día **2 de xuño** realizarase a adxudicación directa entre as persoas **participantes que non obtivesen praza na primeira adxudicación seguindo o mesmo método da mesma. (NON haberá un novo sorteo)**

b) Formalización da inscrición de prazas vacantes, adxudicación definitiva e exclusión de solicitudes

Prazo: do 2 ao 10 de xuño.

Lugar e documentación a presentar: igual que para a primeira adxudicación

Corrección de erros: seguirase o mesmo procedemento que para a primeira adxudicación. Se no proceso de comprobación se detecta a ausencia dalgún documento ou algún outro erro, requiriráselle ao solicitante.

Exclusión de solicitudes: seguirase o mesmo procedemento que para a primeira adxudicación.

Adxudicación definitiva: unha vez entregada correctamente a documentación considerarase a adxudicación como definitiva.

Exclusión de solicitudes: seguirase o mesmo procedemento que para a primeira adxudicación.

A praza adxudicada ou formalizada é intransferible.

Só no caso de que houbese vacantes despois da 1ª e 2ª adxudicación, tería lugar unha convocatoria extraordinaria que se publicaría na web campamentos.xuventudevigo.org

Unha vez finalizadas as adxudicacións poderanse anotar como reservas nunha única actividade. As reservas só se procesarán no caso de que se produza algunha baixa.

OUTRAS CONSIDERACIÓNS

O/A pai/nai, titor/a é responsable de comprobar o estado da tramitación da súa praza en todo momento.

Só poderá haber un/unha pai/nai/titor/titora solicitante por rapaz/rapaza, sendo excluídos do proceso no caso de que haxa máis dunha solicitude para un mesmo rapaz ou rapaza.

Cada solicitante só poderá inscribir ás persoas menores que convivan no domicilio en situación de acollemento familiar, equiparándose a súa situación á de persoas irmáns.

A praza adxudicada ou formalizada é intransferible.

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario correspondente publicado na web campamentos.xuventudevigo.org.

Só no caso de que houbese vacantes despois da 1ª e 2ª adxudicación, tería lugar unha convocatoria extraordinaria que se publicaría na web campamentos.xuventudevigo.org

Unha vez finalizadas as adxudicacións poderanse anotar como reservas nunha única actividade. As reservas só se procesarán no caso de que se produza algunha baixa.

No caso de menores que precisen dun apoio específico derivado dalgún tipo de discapacidade ou patoloxía, debgerá facerse constar de xeiro preceptivo no cuestionario de saúde e autonomía persoal, e detallaranse do xeito máis preciso as súas necesidades específicas.

EXCLUSIÓN DE SOLICITUDES

Son motivos de exclusión automática do procedemento de adxudicación definitivo de prazas:

- Renunciar á praza adxudicada a través da Área Privada da web.
- Non ter realizado o correspondente pagamento no prazo establecido, se a actividade así o require. Este pagamento non terá devolución no caso de renuncia posterior, agás causa grave e debidamente acreditada co correspondente xustificante médico (enfermidade, accidente...)
- Non presentar toda a documentación requirida ou non corrixir os erros no prazo sinalado.
- Falsear datos no formulario de rexistro.

DEVOLUCIÓN DA COTA DE INSCRICIÓN

Se, unha vez obtida a praza e realizado o pagamento correspondente, a/o menor non pode asistir ao campamento, só terá dereito á devolución da cantidade aboada no caso de que se xustifique documentalmente e polos seguintes motivos :

- Enfermidade, accidente ou outros (deberá achegarse xustificante médico).
- Motivos familiares, enfermidade ou accidente grave dun familiar, falecemento ou outros (deberá achegar xustificación do motivo).

No caso de non prestación do servizo por causas non imputadas á persoa interesada ou anulación da actividade pola administración a solicitude de devolución da cota presentarse unha vez comunicadas as causas de non prestación do servizo e no prazo de 20 días naturais dende a comunicación e poderá presentarse por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da LPACAP.

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
21 Abril	22 Abril	23 Abril	24 Abril	25 Abril	26 Abril	27 Abril
28 Abril	29 Abril	30 Abril	1 Maio	2 Maio	3 Maio	4 Maio
5 Maio	6 Maio	7 Maio	8 Maio	9 Maio FIN INSCRICIÓN (ata as 23.59)	10 Maio	11 Maio
12 Maio	13 Maio SORTEO, 1ª ADXUDICACIÓN E APERTURA FORMALIZACIÓN PRAZAS	14 Maio	15 Maio	16 Maio	17 Maio	18 Maio
19 Maio	20 Maio	21 Maio	22 Maio	23 Maio	24 Maio	25 Maio
26 Maio	27 Maio FIN PRAZO FORMALIZACIÓN PRAZAS	28 Maio	29 Maio	30 Maio PUBLICACIÓN DE VACANTES E POSIBILIDADE CAMBIO CAMPAMENTOS ATA O 2 DE XUÑO (23.59)	31 Maio	1 Xuño
2 Xuño 2ª ADXUDICACIÓN E APERTURA FORMALIZACIÓN PRAZAS	3 Xuño	4 Xuño	5 Xuño	6 Xuño	7 Xuño	8 Xuño
9 Xuño	10 Xuño FIN PRAZO FORMALIZACIÓN PRAZAS	11 Xuño	12 Xuño * No caso de que existan vacantes ao finalizar a segunda adxudicación, se publicará na web a información dunha adxudicación extraordinaria	13 Xuño	14 Xuño	15 Xuño